



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Persoal

*Convocatoria e bases para cobertura mediante comisión de servizos do posto de inspector/a de tributos*

##### ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía nº 302/2026, de 6 de febreiro de 2026, aprobouse a convocatoria e bases para a cobertura temporal mediante comisión de servizos voluntaria do posto vacante de Técnica/o Inspector/a/or de Tributos do Concello de Arteixo, que de seguido se expoñen:

**BASES PARA A COBERTURA TEMPORAL MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA DO POSTO VACANTE DE TÉCNICA/O INSPECTORA/OR DE TRIBUTOS, DA AREA DE SERVIZOS ECONOMICOS, SERVIZO DE TESOURERIA, RENDAS E INSPECCIÓN.**

##### PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto do presente a convocatoria a regulación do procedemento de provisión temporal mediante comisión de servizos do posto de Técnica/o Inspector/a/or de Tributos (A1/A2, CD 28/26, CE 20.461,28 €) incluído na relación de postos de traballo actualmente en vigor do Concello de Arteixo (BOP da Coruña de 14 febreiro de 2025), o cal está vacante e que polo tanto, pode proveerse excepcionalmente e de maneira temporal mediante comisión de servizos voluntaria, durante un período temporal de 12 meses, prorrogable ata o máximo temporal de 2 anos dende a toma de posesión e, supeditando en calquera caso tal temporalidade máxima, á provisión en propiedade do posto, de conformidade co establecido no artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galiciano, artigo 64.3 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se regula o Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, de aplicación aos funcionarios da Administración local de acordo co establecido no artigo 168 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

As características do posto son as seguintes:

##### 0202: Servizo Tesourería, Rendas e Inspección

Cód.	Denominación do posto	L/F	Dot	C.D.	C.E.	TP	FP	Clasificación do posto				Titulación académica	Adscrición	Formación específica	Observacións	
								ADM	Grupo	Escala	Subescala					
020201	Técnico/a Inspector/a de Tributos	F	1	28	19.667,20€			C	A3	A1/A2	Administración Xeral/Especial	Técnica	Licenciatura/Diplomatura/Grao universitario	Área 2	-	Posto aberto a outras administracións (DO)

##### FUNCIONS DO POSTO DE TRABALLO:

- Elaboración dos obxectivos do departamento de inspección tributaria e da proposta de Plan de Inspección anual e do Plan de Control tributario
- Dirixir o departamento de inspección de rendas e exaccións, velando pola correcta realización das funcións que a normativa vixente atribúe á inspección tributaria
- Instrución de expedientes de inspección tributaria dos tributos locais
- Investigar feitos impositivos para o descubrimento dos que sexan descoñecidos polo concello
- Comprobar a veracidade e exactitude das declaracións e autoliquidación que os obrigados tributarios presenten
- Suscribir as actas que recollan o resultado das actuacións inspectoras de comprobación e investigación, proponendo a regularización que se estime procedente da situación do obrigado tributario ou declarando correcta a mesma

- Emitir informes, informes ampliatorios, dilixencias, comunicacións, e supervisión das notificacións en relación aos expedientes de inspección tributaria
- Emisión de informes com proposta de resolución nos recursos administrativos contra os actos derivados dos expedientes instruídos
- Realizar comprobacións materiais de inspección
- Verificar o cumprimento dos requisitos esixidos para a concesión e desfrute de calquera beneficio fiscal
- Realizar actuacións de comprobación limitada e de verificación de datos
- Instrución dos procedementos sancionadores en materia tributaria
- Planificar, coordinar e programar as actividades do persoal a seu cargo, establecer procesos de traballo e documentar os procedementos tramitados na inspección de tributos
- Supervisión das anotacións precisas no aplicativo de ingresos co fin de que refrexe fielmente a realidade dos expedientes tramitados polo departamento de inspección de tributos
- As demais que outras disposicións atribúan á Inspección Tributaria
- Calquera outra función correspondente á súa subescala e propia das súas competencias e atribucións profesionais

## SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Poderá participar neste procedemento o persoal funcionario de carreira en situación de servizo activo en calquera Administración Pública sempre que reúnan as condicións e requisitos esixidos na convocatoria e na relación de postos de traballo en vigor no Concello de Arteixo (BOP da Coruña de 14 de febreiro de 2025), na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

Os requisitos comúns de participación son os seguintes:

- Ter a condición de funcionario de carreira en calquera das Administracións Públicas nun posto de Subgrupo A1 ou A2 da Escala de Administración Xeral ou Especial, ocupando posto de Inspector/a or Tributario ou asimilado. A estes efectos consideraranse Administracións Públicas as enumeradas no artigo 2.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público
- Ter a titulación de grao universitario habilitante para desenvolvemento de postos de TAX, preferentemente do eido de servizos económicos ou xurídicos
- Atoparse en situación de servizo activo
- Dado o carácter de urxencia na provisión do posto que se deriva do expediente e da propia figura da comisión de servizos, non se terán conta as candidaturas do persoal que se atope en situación de incapacidade temporal ou permisos/licenzas de maternidade, paternidade, excedencia ou similares na data en que termine o prazo de presentación de instancias. A tal efecto, no propio modelo de instancia efectuarase declaración responsable sobre este extremo, entre outros.

## TERCEIRA.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

3.1.- O anuncio de convocatoria e das bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na sede electrónica, e no taboleiro de edictos do Concello. Os restantes actos derivados do procedemento publicaranse unicamente no taboleiro de edictos do Concello, e complementariamente na páxina web municipal.

3.2.- As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Arteixo. Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de presentación de solicitudes, será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de convocatoria e das bases no BOP da Coruña. As solicitudes presentarase conforme ao modelo ANEXO destas bases.

3.3.- Documentación a presentar:

- Instancia, conforme ao modelo do anexo
- Copia DNI/NIF
- Copia da titulación universitaria requirida. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase posuír a credencial que acredite a súa homologación
- Currícula vitae onde consten os postos de traballo desempeñados na Administración e no sector público e na empresa privada de ser o caso, así como todos os cursos de formación recibidos e/ou impartidos nos últimos

10 anos e outras titulacións universitarias obtidas por organismos homologados para formación, xunto con toda a documentación acreditativa de tales méritos

- Certificado acreditativo da condición de funcionaria/o de carreira en activo dunha Administración Pública, pertencente ao grupo A, especificando subgrupo A1 ou subgrupo A2, Escala de Administración Xeral ou Especial, subescala Técnica e determinación de Corpo de ser o caso e dos servizos prestados en posto de Inspección tributaria ou análogo (con indicación de todos os servizos prestados na Administración no suposto de varios postos). De non dispoñer do citado certificado no prazo establecido por causas alleas á persoa interesada, poderá achegarse no prazo de solicitudes declaración responsable acompañada da acta de toma de posesión como persoal funcionario de carreira e a solicitude de emisión do referido certificado polo órgano competente, e o certificado achegarse nun momento posterior, tan pronto se dispoña do mesmo. En todo caso o certificado deberá achegarse no prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao de fin do prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase posuír a credencial que acredite a súa homologación
- Informe favorable da administración de procedencia. De non achegarse xunto coa solicitude, deberá achegarse con carácter previo á resolución do procedemento, segundo o procedemento establecido na base 4ª

3.4.- A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

3.5.- No caso de que haxa que facer algún tipo de requirimento ou realizar algún anuncio relativo a este proceso de provisión, realizarase a través da súa publicación na sede electrónica e no taboleiro de edictos do Concello de Arteixo e complementariamente na web municipal. No caso de que a instancia/documentación presentada teña que ser obxecto de emenda ou subsanación, outorgarase un prazo de 5 días hábiles.

#### **CUARTA.- SELECCIÓN DAS/OS ASPIRANTES**

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo.

A selección levarase a cabo mediante proposta do concelleiro delegado de Persoal con asistencia do Sr. Concelleiro de Servizos Económicos, e deberá efectuarse, de forma motivada, atendendo a criterios de competencia e idoneidade profesional para o desempeño do posto en base aos méritos aportados polas persoas aspirantes.

Para tal motivación e elección da/o candidata/o máis capacitado e idóneo, o Sr. Concelleiro de Persoal poderá contar co asesoramento da Xefatura de Área de Tesourería, Rendas e Inspección (Tesoureira municipal) e co asesoramento técnico do departamento de RR.HH., este último se así se considera necesario.

Os méritos das persoas aspirantes avaliaranse segundo a seguinte estrutura:

- Méritos profesionais, ata un máximo de 5 puntos, considerándose que a/o aspirante que ostente mais antigüidade en postos análogos ao convocado no subgrupo A1 (Técnica/o Inspector/a or de Tributos ou similares coincidentes nas principais funcións descritas nestas bases na Administración Pública) acadará a máxima puntuación e as/os restantes aspirantes, a puntuación proporcional en aplicación dunha regra de 3 simple. No suposto de persoal funcionario pertencente ao subgrupo A2, a puntuación máxima a acadar será de 3 puntos e para as/os restantes aspirantes deste subgrupo, outorgarase a puntuación proporcional en aplicación dunha regra de 3 simple
- Méritos académicos, ata un máximo de 2 puntos, considerándose que a/o aspirante que ostente mais méritos formativos acadará a máxima puntuación e as/os restantes aspirantes, a puntuación proporcional en aplicación dunha regra de 3 simple
- Entrevista persoal curricular, ata un máximo de 3 puntos. A/o aspirante será convocado a unha entrevista persoal de índole curricular na que avaliarán as súas aptitudes e capacidades segundo a súa currícula, considerando ademais, a experiencia profesional noutros postos distintos do convocado a experiencia na empresa privada de selo caso, méritos académicos non directamente relacionados co posto e análogos. Nesta entrevista poderase avaliar ase mesmo, aspectos actitudinais como a capacidade de adaptación, iniciativa, liderazgo, asertividade e traballo en equipo e similares das persoas aspirantes

Na proposta de resolución deberá acreditarse o cumprimento por parte da persoa elixida dos requisitos e especificacións esixidos na convocatoria, a súa idoneidade para o desempeño do posto convocado e as razóns obxectivas que xustifican e motivan legalmente a concesión da comisión a favor da persoa seleccionada con respecto aos demais solicitantes.

En todo caso, o proceso poderá declararse deserto a proposta do Concelleiro delegado de Persoal no caso de que de forma motivada, atendendo a criterios de competencia e idoneidade profesional para o desempeño do posto, se considere que ningunha das candidaturas cumpren ditos requisitos.

No caso de que a persoa seleccionada non achegase xunto coa solicitude o informe favorable da administración de procedencia, a proposta de nomeamento notificarase a persoa interesada para que, no prazo máximo de 5 días hábiles dende a recepción da citada proposta, se achegue documento acreditativo da conformidade expresa do órgano competente da administración de procedencia coa comisión de servizos obxecto desta convocatoria. Unha vez achegado este informe, ditarase a resolución de nomeamento e toma de posesión en comisión de servizos da persoa seleccionada.

A proposta de nomeamento quedará sen efecto cando, sen causa xustificada, non se achegara o documento acreditativo da conformidade expresa do órgano competente da administración de procedencia no prazo sinalado.

#### **QUINTA.- NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN**

Unha vez ditada a resolución de nomeamento, e publicada a resolución de procedemento mediante anuncio publicado na sede electrónica e taboleiro de edictos municipal, a persoa seleccionada deberá tomar posesión do posto no prazo establecido no parágrafo seguinte. De acordo co disposto no artigo 64.3 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, se a comisión non implica cambio de residencia do funcionario, o cesamento e a toma de posesión deberán producirse no prazo de tres días desde a notificación do acordo de comisión de servizos; se implica cambio de residencia, o prazo será de oito días hábiles. No caso de que no prazo concedido o seleccionado non tomase posesión do posto, salvo causa xustificada, o nomeamento realizado quedará sen efectos e poderá nomearse a outra persoa aspirante sen necesidade dunha nova convocatoria ou ben efectuarse unha nova convocatoria, si se considera polo órgano competente que ningunha das persoas candidatas restantes reúne os requisitos de competencia e idoneidade profesional necesarios para o desempeño do posto.

#### **SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO**

Para o non previsto nesta convocatoria aplicarase supletoriamente a normativa estatal e autonómica que proceda para a provisión de postos.

#### **SÉTIMA.- RECURSOS**

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes.

A resolución pola que se aproba a convocatoria e as bases pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

**ANEXO I: INSTANCIA**D<sup>a</sup>/D. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_

Domicilio \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ e correo electrónico \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, **COMPARECE****E DECLARA:**

a) Que é funcionario/a de carreira de (sinalar Administración) \_\_\_\_\_, con data de ingreso \_\_\_\_\_, en situación de servizo activo, Escala/Corpo \_\_\_\_\_, Grupo \_\_\_\_\_, Subgrupo \_\_\_\_\_ e que na actualidade ocupo o posto de \_\_\_\_\_ con CD \_\_\_\_\_

b) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos na convocatoria, declarando explicitamente pola presente non estar en situación de inhabilitación nin incompatibilidade para desempeño de funcións públicas e posuír a capacidade funcional para desempeño do posto.

c) Que achega a seguinte documentación:

- Copia DNI/NIF e da titulación
- Currícula vitae onde constan todos os méritos profesionais e/ou académicos relacionados co posto convocado xunto coa documentación acreditativa da experiencia profesional e da formación alegada
- Certificado acreditativo da condición de funcionaria/o de carreira en activo, pertencente ao grupo A, subgrupo A1 ou subgrupo A2, escala de Administración Xeral ou Especial de calquera Administración Pública
- Informe de vida laboral
- Informe favorable da administración de procedencia (de non achegarse xunto coa solicitude, deberá achegarse con carácter previo á resolución do procedemento, segundo o procedemento establecido na base 4<sup>a</sup>).

Por todo o exposto, **SOLICITA:**

que se teña por presentada esta solicitude para a cobertura temporal a través de comisión de servizos voluntaria do posto de traballo vacante de Técnica/o Inspectora/or de Tributos de duración inicial de 12 meses, prorrogable ata o máximo de dous anos e supeditada dita temporalidade en calquera caso, a provisión con carácter definitivo do posto.

Arteixo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

Sinatura

**AO SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO**

Arteixo, 9 de febreiro de 2026

Asinado: José María Sánchez Novo - Alcalde Accidental (por delegación Decreto nº 298/2026 de 6 de febreiro de 2026)

2026/795